



Esta cartografía realizada por mulleres e homes migrantes non busca representar directamente os discursos de odio senón recoller o que lles gustaría expresar ás persoas, a sociedade... sobre como estes discursos son visións totalmente distorsionadas e na maioría de ocasións manipuladas.

No papel vemos esta mensaxe formada pola unión de varias partes, sendo estas cada un dos debuxos que figuran nel. O mundo rodeado por dúas mans busca representar a todas as persoas simbolizando a unión. En relación con isto, atopamos tamén a Estrela de David que ten dentro escrita a palabra vida en árabe, para expresar a empatía e a multiculturalidade. Ademais, podemos ver as bandeiras e as árbores representando a individualidade de cada persoa e como todas habitan o mesmo mundo e obteñen a súa enerxía da mesma terra.

Voando por enriba do mundo atopámonos cunha pomba facendo alusión á paz da que non todo o mundo disfruta no seu país de orixe, tendo que deixalo atas en moitas ocasións. Coa flor vemos que queren seguir crescendo e medrando sempre e cando se lles dea a oportunidade. Sendo similar a imaxe da bolboreta simbolizando a capacidade de voar, imaxinar e crear un novo mundo.

Por último o sol na simboloxía árabe evoca a liberdade ademais de iluminar o futuro.